

## RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN

Expediente de contratación nº: AL-T1-7A/2020

**Obxecto do contrato: Aluguer do local 7A do Edificio Tecnópole I do Parque Tecnolóxico de Galicia**

### Mesa de contratación:

Presidente: Javier Taibo Gallego, Director Xerente de Parque Tecnolóxico de Galicia S.A.

Secretaria: Noemí Lorenzo Carbajales, persoal do Departamento de Administración e Finanzas de Parque Tecnolóxico de Galicia S.A.

Vogais:

- María Luisa Pena Nieto, Directora de Administración e Finanzas de Parque Tecnolóxico de Galicia S.A.

- Isabel Soto Amigo, persoal do Departamento de Administración de Parque Tecnolóxico de Galicia S.A.

### Características do procedemento:

Procedemento de adxudicación: aberto

Data de publicación do anuncio: 02/12/2020

Data de apertura pública das proposicións: 12/07/2021

### Primeiro.- OFERTAS PRESENTADAS

Presentouse en prazo unha única proposición, da licitadora TEXTINNOVA GLOBAL CONTENT S.L.U.

### Segundo.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

O único criterio de valoración que establece o Prego é o do prezo, adxudicándose á proposta que cumprindo os criterios de admisión achegue o prezo maior, tal e como se transcribe a continuación:

*“O contrato adxudicarase a aquela oferta cuxo importe sexa maior sempre e cando alcance o Prezo base de licitación indicado no punto 5.1 do cadro de características do presente Prego.*

*Serán excluídas as propostas de entidades aquelas que non cumpran os criterios de admisión do Parque Tecnolóxico de Galicia que se describen no Anexo II.*

*En caso de que dúas ofertas presenten o mesmo prezo o contrato adxudicárase por sorteo.*

*En caso de que o concurso se declare deserto, PTG, S.A. poderá proceder á adxudicación directa do contrato de aluguer durante o ano posterior á declaración de deserto..”*

### **Terceiro.- VALORACIÓN DA OFERTA ADMITIDA**

A Mesa de contratación comprobou que a única oferta presentada cumpre os requisitos e que propón un prezo superior ao prezo base de licitación, polo que a oferta presentada por TEXTINNOVA GLOBAL CONTENT S.L.U. foi admitida.

### **Cuarto.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN.**

En vista da única proposta presentada e comprobado que cumpre cos requisitos establecidos nos correspondentes Pregos, a Mesa acordou propoñer a adxudicación do contrato para o aluguer do local 7A do edificio Tecnópole I do Parque Tecnolóxico de Galicia, expediente AL-T1-7A/2020 a TEXTINNOVA GLOBAL CONTENT S.L.U.

### **Quinto.-**

En data 12 de xullo de 2021 comunicóuselle a TEXTINNOVA GLOBAL CONTENT S.L.U..a proposta de resolución de adxudicación ao seu favor e déuselle o prazo de 10 días hábiles, para aportar a documentación acreditativa de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como aquela acreditativa de todos os extremos esixidos no prego e respecto dos que o licitador presentara unha declaración responsable, ademais de presentar a garantía definitiva correspondente en concepto de fianza por importe de dúas mensualidades de aluguer, IVE excluído.

Dentro do prazo estipulado a empresa procedeu a entregar a documentación requirida.

En base a todo o anterior, o Órgano de Contratación,

**RESOLVE:**

- 1) Adxudicar a **TEXTINNOVA GLOBAL CONTENT S.L.U.** con **NIF B32.506.792** o aluguer do local 7A do edificio Tecnópole I do Parque Tecnolóxico de Galicia, expediente AL-T1-7A/2021, conforme á súa oferta económica, por un importe de 215 €/mes, IVE non incluído, con suxeción ás condicións do Prego de Cláusulas Económico-Administrativas e Técnicas que rexen a presente contratación.
  
- 2) Publicar esta adxudicación no Perfil do Contratante da web [www.tecnopole.es](http://www.tecnopole.es) e notificar esta adxudicación á adxudicataria e única licitadora.
  
- 3) Formalizar o correspondente contrato dentro dos prazos establecidos, logo da notificación desta resolución á licitadora.

En San Cibrao das Viñas na data da sinatura dixital.

Asdo. Patricia Argerey Vilar

Representante do órgano de contratación de Parque Tecnolóxico de Galicia S.A.